

Seguindo estas mesmas técnicas e empregando os mesmos tipos de útiles, foron feitas as miniaturas (clasificadas segundo os tipos de libros) ou textos, sobre pergamiño de pelica de año que se poden ver na exposición e unha reprodución dun “scriptorium” medieval.

Prof. José Antonio Puras Hernández



“Os sitios mellor iluminados estaban reservados para os anticuarios, os **miniaturistas** máis expertos, os rubricantes e os **copistas**. En cada mesa había todo o necesario para ilustrar e copiar: cornos con **tinta**, **plumas** finas, que algúns **monxes** estaban afinando con **coitelos** moi finiños, **pedra pómez** para alisar o **pergamiño**, **regras** para trazar as liñas sobre as que logo se escribiría. Xunto a cada escribente... había un **atril** sobre o que estaba apoiado o códice que se estaba copiando... E algúns monxes tiñan **tintas de ouro e outros cores**”.

Umberto Eco. *O nome da rosa*.



¿QUÉ É O LIBRO?

O libro é lume do corazón
 Espello do corpo
 Confusión dos vicios
 Coroa de prudentes
 Diadema de sabios
 Fonra de doutores
 Vaso cheo de sabedoría
 Compañeiro de viaxe
 Criado fel
 Horto cheo de froitos
 Revelador de arcanos
 Aclarador de escuridades.

“ **Explicit** ”

Codex miscellaneus. Século XI

DIA DAS LETRAS GALEGAS

EXPOSICIÓN SOBRE

OS LIBROS NA IDADE MEDIA



DO 10 Ó 17 DE MAIO, no
 “COLEXIO PANXÓN” I.S.M.
 (NIGRÁN)

Organiza: “Colexio Panxón” --- I.S.M. e a
Concellería de Cultura do Concello de
Nigrán (Pontevedra)

Poucas veces un período da historia alcanzou tal forza evocadora e provoca tanto entusiasmo como a **Idade Media**. E é que a imaxe que nos transmite este tempo é a vez fantástica, máxica e romántica, capaz de emocionar a expertos, aficionados, curiosos e indiferentes ante a literatura, o arte, a relixión, as damas e cabaleiros, os estilos de vida... desta época tan lonxana como as veces familiar para nos po-los moitos produtos de todo tipo baseados na Idade Media: cine, literatura, festas... que hoxe atopamos.



Ainda que os dez séculos da Hª que se aplica á Idade Media non foron homoxeneos, si que houbo unhas constantes neses 1000 anos. Unha delas foi a utilización de manuscritos e códices que tiñan como base un material que procede do pelexo duns poucos animais (sobre todo do aña): **o pergamiño**, que foi, ata a data, o material para escribir mais difundido e utilizado no espazo e no tempo en Occidente. O seu modo de elaboración é moi traballoso, con tarefas minuciosas, estritas, concedendo o tempo necesario a cada unha delas e con instrumental específico para tal efecto.

Os instrumentos para escribir sobre o pergamiño foron nun principio canas e despois **plumas de ave**, que debían ser preparadas con absoluto detalle para poder lograr a función requirida tanto na escritura como na miniatura. As tintas coas que escribían sobre o pergamiño eran elaboradas de diversos modos e materiais: **tinta** negra de fumo, de carbón vexetal, de bacelo moido...; a tinta vermella extraída dalgúns minerais moidos, de plantas... sempre mezcado con goma arábica ou clara do ovo como aglutinante.

As tarefas dun **copista** eran moi sufridas, precisas e con fases moi diferenciadas no seu traballo: deseñar, traza-las liñas e espazos, tipos de letra, centrar, copiar o texto, letra capitular...

Miniaturas e iluminacións nos libros foron cada vez máis apreciados e signo de prestixio para o executor-es pero sobre todo para o posuidor.



Perante a **Alta Idade Media** os libros (códices) foron utilizados case con exclusividade no ámbito eclesial: igrexas, mosteiros... Os temas/contidos de que trataban, referíanse a: biblia, liturxia, oracións, comentarios diversos... Eran os propios monxes ou clérigos os que facían e copiaban os textos. Os libros eran moi escasos e para case todos innecesarios e inintelixibles.

Na **Baixa Idade Media** os códices deixan de ser monopolio do clero tanto na súa elaboración como no uso: aparecen os copistas segrares (gremios) e estacionarios (librerías asociadas as nacentes universidades), aumenta representativamente o número de interesados nos libros (estudantes, administración, profesores, nobres, novos ricos...) así como o número de novos libros